



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN VENEZOLANA DE GALICIA (FEVEGA), PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DE OFICINAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDAS A EMIGRANTES RETORNADOS EN OURENSE E VIGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que esta Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que o interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer aos emigrantes retornados á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os servizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.





Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes del presente convenio para articular o financiamento dos gastos derivados do mantemento das oficinas de información e asesoramento da Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) aos emigrantes galegos retornados á Comunidade Autónoma galega en Ourense e Vigo.

As ditas oficinas teñen como finalidade a realización de actividades de información e asesoramento aos emigrantes retornados a esta Comunidade Autónoma procedentes de xeito preferente desde Venezuela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Segundo os últimos datos publicados polo INE os emigrantes procedentes de Venezuela ocupan o primeiro lugar no seu retorno a Galicia, polo que tendo en conta que se trata da única federación na comunidade autónoma galega que aglutina as asociacións de venezolanos, considérase relevante o papel que desempeña nas primeiras fases do retorno deste colectivo prestándolle a información e o asesoramento necesario para acadar con éxito a súa inserción laboral, social e cultural.

A Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA), ten a súa sede social no concello de Vigo é unha agrupación de asociacións sen ánimo de lucro e de ámbito autonómico, que naceu no ano 2009 co obxectivo de apoiar aos seus asociados nos seus ámbitos de actuación e para desenvolver accións de atención aos emigrantes retornados no seu proceso de integración social, laboral e cultural nesta Comunidade Autónoma.

A intención da Secretaría Xeral da Emigración é colaborar coa Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) e así poder prestar a asistencia necesaria aos emigrantes galegos retornados á Comunidade Autónoma galega a través de oficinas de información e asesoramento, nas cidades de Ourense e Vigo.





A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de cincuenta e catro mil euros (54.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do proveedor fundaméntase, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

Basquiños, 2
15704 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 878. Fax 981 547 296
<http://emigracion.xunta.es>

galicia

